


María Barral Varela e Amelia Sánchez Pérez, candidatas do PSdeG-PSOE e do BNG de Betanzos, logo da celebración das eleccións municipais do 28 de maio de 2023, en aras de garantir a investidura dun goberno de esquerdas asinan o presente documento no que se recollen os compromisos a levar a cabo no mandato 2023-2027.

- Compromiso firme da eliminación do vial de Infesta, tal e como xa se lle indicou no seu momento ao equipo redactor, e da reclasificación do núcleo como solo de núcleo rural.
 - Compromiso de redefinición do PXOM, poñéndose o equipo redactor á disposición do BNG para manter todas as xuntanzas necesarias para tratar de encaixar as alegacións formuladas polo BNG no seu día e así poder aprobar un PXOM consensuado entre o PSdeG-PSOE e o BNG.
 - Redacción do anteproxecto do servizo de abastecemento e depuración da auga, no que se defina a totalidade das infraestruturas de abastecemento de auga, saneamento e depuración de augas residuais coas súas características principais, que constitúen na actualidade e que constituirán no futuro o servizo municipal e no que se valore o sistema de xestión directa.
 - Redacción do anteproxecto do servizo de actividades deportivas no complexo deportivo municipal do Carregal no que se defina a totalidade das infraestruturas existentes coas súas características principais, que constitúen na actualidade e que constituirán no futuro o servizo municipal e no que se valore o sistema de xestión directa.
- Continuar coa substitución da rede de abastecemento de auga e da rede separativa de pluviais e residuais en todas as actuacións que se realicen na zona urbana.
- Compromiso do cumprimento da ordenanza de transparencia e do regulamento de participación cidadá, axilizando a publicación de toda a información de contratos e concesións na web de transparencia.


- Redacción dun regulamento de funcionamento dos medios institucionais de comunicación, dando cabida neses medios a todos os grupos municipais.
- Cumprimento íntegro da ordenanza de usos do Galego, establecendo un protocolo elaborado polo Departamento de Normalización Lingüística dirixido ao persoal municipal e ao persoal das concesionarias existentes.
- Compromiso de non financiar actividades e entidades relixiosas.
- Compromiso de non levar a cabo actividades sexistas.
- Creación dun CIM e continuar demandando a creación dun COF para o noso Concello.
- Establecer un calendario de negociación dunha proposta de orzamentos municipais a partir do 1 de setembro de cada ano, no que se tratarán as partidas a incluír no dito de proxecto de orzamento; establecerase unha partida específica para a normalización lingüística; negociarase as bases de execución do orzamento, tendo en conta a substitución de convenios por liñas de concorrencia competitiva, que se convocarán de forma anual, e todos os aspectos que se consideren sobre as ditas bases de execución.
- Compromiso de achegar todas as convocatorias das Xuntas de Goberno Local Decisoria e Deliberante no mesmo momento no que se efectúe cada convocatoria.
- Compromiso de achegar todas as actas das Xuntas de Goberno Local Decisorias e Deliberantes no mesmo momento no que se aproben.
- Compromiso de comunicar a orde do día de cada convocatoria do Consello Escolar do CEIP Vales Villamarín e celebración dunha posterior xuntanza para informar do tratado en cada sesión.

- Celebrarase unha sesión plenaria ordinaria de forma mensual, que terá lugar por norma xeral o último martes de cada mes a partir das 20:30 horas.
- Cada grupo municipal poderá presentar tres mocións en cada sesión plenaria ordinaria.
- A mesa de contratación contará cun/unha representante de cada grupo municipal.
- Crearase unha Comisión Informativa Especial denominada “Comisión de Seguimento dos Entes nos que participa o Concello” na que se tratarán as ordes do día previas a cada sesión e na que, tras a celebración de cada xuntanza de cada ente, informárase do tratado.
- O Pleno tan so delegará na Xunta de Goberno Local a concesión da bonificación na cota do Imposto sobre Construcións e Instalacións ICIO.
- Compromiso de comunicar a orde do día de cada convocatoria do Patronato da Fundación CIEC e celebración dunha posterior xuntanza para informar do tratado en cada sesión.
- Modificación dos estatutos da Fundación Globo de San Roque para dar cabida a un/unha representante de cada Grupo Municipal.
- Crearase unha Comisión de Seguimento do Acordo de Investidura que se reunirá trimestralmente ou a demanda dunha das partes asinantes do dito acordo.

Betanzos, 16 de xuño de 2023



Asdo.: Amelia Sánchez Pérez
Candidata do BNG



Asdo.: María Barral Varela
Candidata do PSdeG-PSOE